

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE FEBREIRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/228/2015.- MANUEL ÁNGEL OTERO RAÑA.- Conceder a licenza para executar as obras de substitución de cuberta en rúa Bonaval nº 21.

LIC/1051/2013.- MARÍA ÁNGELES FIGUEIRAS CALVIÑO.- Conceder a licenza para executar as obras de demolición de edificio na rúa Espírito Santo nº 34.

LIC/754/2014.- CARMEN CONDE MÉNDEZ.- Conceder a licenza para executar as obras de acondicionamento e elevación da cuberta na vivenda existente no lugar de O Roxido – Santa Cristina de Fecha nº 7.

LIC/1784/2011.- DISEÑO EN CERRAMIENTO DE CALIDAD, S. L.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dunha edificación sita en rúa Costa Nova de Abaixo nº 52.

LIC/1519/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS QUIROGA PALACIOS NÚM. 29.- Conceder a licenza para a instalación dun ascensor na Avda. Quiroga Palacios nº 29.

LIC/1886/2014.- MARÍA HORTENSIA CANEDA OTERO.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma de cuberta dunha edificación no lugar de Lavacolla (A), 11.

LIC/1255/2014.- TANIA SUÁREZ RÍOS.- Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Travesía da Susana nº 20.

LIC/1643/2015.- AMABLE COTÓN ALBOR.- Aceptar a cesión de viarios formalizada en escritura e conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar Sionlla (A), Sabugueira.

LIC/1618/2015.- MARCO ANTONIO MIGUÉLEZ FIESTEOS.- Aceptar a cesión de viarios formalizada en escritura e conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Frades.

LIC/183/2015.- MANUEL XESÚS FONTELA CASTRO.- Autorizar a legalización de substitución de cuberta e de acabados interiores na vivenda sita en rúa San Lázaro nº 6.

LIC/196/2008.- ROSA RUANOVA LAGARES.- Aceptar a cesión de viarios formalizada en escritura a favor do Concello de Santiago de Compostela, ós efectos da inscrición da vivenda construída na parcela.

SEGREGACIÓN.-

LIC/1771/2013.- CARMEN SEOANE CEPEDA.- Estimar o RECURSO DE REPOSICIÓN presentado por JESÚS TEJO CEPEDA e deixar sen efecto a licenza de parcelamento outorgada por acordo da xunta de goberno local de 23 de xaneiro de 2014.

REVOGACION.-

DIS/286/2013.- LUIS MEIJIDE BOO.- REXEITAR AS ALEGACIONES presentadas polo interesado, REVOGAR a licenza de apertura da cafetería concedida por Decreto de 15 de outubro de 1979 para o local sito na rúa Alfredo Brañas nº 20 - Baixo e ORDENAR O PECHE definitivo do local situado na rúa Alfredo Brañas nº 20 – Baixo.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

LIC/1922/2014.- CAMPUS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno local de 21 de setembro de 2010 (modificada na sesión de 5 de setembro de 2011), por importe de 12.000 €.-

LIC/1880/2015.- MANUEL VIDAL GARCÍA, en nome e representación de ACATIA INMUEBLES, S. L.- ACEPTAR O DESISTIMIENTO da licenza de obras para a derruba dunha vivenda unifamiliar (LIC/1244/2014) e DECLARAR CONCLUSO o expediente. ACCEDER Á DEVOLUCIÓN DO AVAL depositado en garantía de danos en pavimentos e servizos existentes pola derruba dunha vivenda en rúa Teo nº 17, por importe de 1.500 €.-

LIC/1881/2015.- MANUEL VIDAL GARCÍA, en nome e representación de ACATIA INMUEBLES, S. L.- ACEPTAR O DESISTIMIENTO da licenza de obras para a construción dun edificio de planta baixa e dúas plantas para dúas vivendas (LIC/2161/2007) e DECLARAR CONCLUSO o expediente. ACCEDER Á DEVOLUCIÓN DO AVAL depositado en garantía de

danos en pavimentos e servizos existentes pola construción dun edificio en rúa Teo nº 17, por importe de 2.000 €.-

LIC/111/2016.- RAMÓN LUGO CODESIDO.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de decembro de 2012, por importe de 1.500 €.-

LIC/112/2016.- RAMÓN LUGO CODESIDO.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de decembro de 2012, por importe de 3.779,06 €.-

LIC/92/2016.- ROCÍO LEMOS ALBOR.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 09/01/2012, por importe de 2.500 €.-

LIC/741/2014.- MARIA JOSEFA TOJA TURNES.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de xaneiro de 2013, por importe de 1.000 €.-

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de demolición de edificio na rúa Espírito Santo nº 34.LIC/1051/2013. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de substitución de cuberta en rúa Bonaval nº 21.LIC/228/2015.- Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de rehabilitación dunha edificación sita en rúa Costa Nova de Abaixo nº 52. LIC/1784/2011. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para a instalación dun ascensor na Avda. Quiroga Palacios nº 29. LIC/1519/2015. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de acondicionamento e elevación da cuberta na vivenda existente no lugar de O Roxido - Santa Cristina de Fecha nº 7. LIC/754/2014. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de reforma de cuberta dunha edificación no lugar de Lavacolla (A), 11. LIC/1886/2014. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Travesía da Susana nº 20. LIC/1255/2014. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar Sionlla (A), Sabugueira. LIC/1643/2015. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á aceptación da cesión de viarios formalizada en escritura e conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Frades. LIC/1618/2015. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á autorización da legalización de substitución de cuberta e de acabados interiores na vivenda sita en rúa San Lázaro nº 6. LIC/183/2015. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á aceptación da cesión de viarios formalizada en escritura a favor do Concello de Santiago de Compostela, ós efectos da inscrición da vivenda construída na parcela. LIC/196/2008. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa a estimar o recurso de reposición presentado por Jesús Tejo Cepeda e deixar sen efecto a licenza de parcelamento outorgada por acordo da Xunta de

Goberno Local de 23 de xaneiro de 2014. LIC/1771/2013. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa a rexeitar as alegacións presentadas polo interesado, revogar a licenza de apertura da cafetería concedida por Decreto de 15 de outubro de 1979 para o local sito na rúa Alfredo Brañas nº 20-baixo e ordenar o peche definitivo do local situado na rúa Alfredo Brañas nº 20 - Baixo. DIS/286/2013. Apróbase a proposta.

15.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativas a diversas solicitudes de devolucións de fianzas. Apróbase a proposta.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento de solicitude de ampliación de prazo solicitada por 2000 Joscon Construcciones SL en relación co servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela excluído o recinto intramuros. Apróbase a proposta.

17 a 34.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

35.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao nomeamento dos membros do xurado do IX Premio Internacional "COMPOSTELA" para Álbums Ilustrados. Apróbase o nomeamento do xurado, que estará presidido polo alcalde. Os vogais serán Miguel Azaola Rodríguez-Espina, Carme Solé Vendrell, Ánxeles Roca López, Manuela Rodríguez (representante de Kalandraka) e Xosé M. Rodríguez-Abella (representante do Concello). Exercerá como secretaria Beatriz Varela (técnica do departamento de Educación e Cidadanía).

36.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a asociación cultural TEMPO CON XEITO para a realización de diversas actividades. Apróbase o convenio, que non implica ningún gasto para as arcas municipais. O convenio ten como obxectivo regular a colaboración entre o Concello e a asociación cultural Tempo con Xeito, para impulsar a realización de actividades que contribúan a dinamizar a zona nova. Entre as actividades previstas figuran contacontos, monólogos e teatro de cámara, maxia, clubs de lectura, exposicións, música ou actuacións de DJs. As actividades para as que se empreguen equipos de amplificación de son deberán desenvolverse nun horario que non exceda das 00:00 horas, agás as noites dos venres e sábados, que non excederán das 01:00 horas. As actividades que non empreguen amplificación, non excederán o horario habitual do local.

37.- Proposta do concelleiro delegado de Medio ambiente e Convivencia relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a USC para actividades de divulgación científica sobre o medio ambiente. Apróbase o convenio.

38.- Proposta da Alcaldía dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela para realizar o espectáculo "Fogos do Apóstolo 2016". Dáse conta da sinatura do convenio, polo que o Consorcio financiará o espectáculo dos Fogos do Apóstolo 2016 cunha partida de 220.000 euros.

39.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención outorgada pola EGAP para o financiamento do plan de Formación Continua 2015. Apróbase a proposta.

40.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á prórroga do contrato de aluguer de local na parroquia da Barciela para uso como centro sociocultural. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo dun ano, desde o 1 de abril de 2016 ata o 31 de marzo de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, fixado en 551,30 €.

41.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación da memoria do

programa municipal de conciliación para a Semana Santa 2016, así como os prezos públicos correspondentes. Apróbase o programa de conciliación de Semana Santa 2016, que se desenvolverá nos días 21,22, 23 e 28 de marzo nos CEIPs das Fontiñas e Raíña Fabiola, dirixido ao alumnado dos centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. O horario será de 09.00 a 14:00, ofrecendo ademais os servizos de madrugadores con almorzo e de comedor. As tarifas serán as que seguen:

_Servizo de madrugadores e almorzo: 8 euros o programa completo / 3 euros por día solto

_Obradoiros e actividades: 40 euros o programa completo / 11 euros o día solto

_Servizo de comedor: 24 euros o programa completo / 7 euros o día solto

42.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación da memoria da XVI Campaña de Animación á lectura "Contos para despois da chuvia". Apróbase a proposta. O título da campaña está baseado no traballo de Miguel Rico, gañador do VIII Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados, que convocan a concellería de Educación e a Editorial Kalandraka. O programa inclúe actividades como obradoiros de ilustración e escrita creativa, sesións de contacontos para bebés e as súas familias, contacontos na rede de escolas infantís ou visitas guiadas a exposicións. A campaña conta coa colaboración da Deputación da Coruña.

43.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, relativa á dación de contas das incidencias producidas na xestión das bolsas de comedor no mes de decembro de 2015 e aprobación dos reaxustes producidos no mes de xaneiro 2016. Apróbase a proposta.

44.- Proposta do concelleiro secretario da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago relativa á distribución da anualidade 2016 do contrato de servizos de conservación, reparación e pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello. Apróbase a proposta.